A Xunta de Galicia tamén anunciou no Parlamento autonómico a finais do mes de maio, a tramitación dunha nova lei de residuos de Galicia, para introducir as principais medidas do "paquete" de economía circular, aprobada por Europa.

Para lograr os obxectivos establecidos no PEMAR e PXRUG, para o ano 2020, o Concello inclúe no presente contrato a implantación de composteiros individuais nas zonas rurais e colectivos nas urbanas, e así mesmo prevee no ano 2023, a posta en marcha da recollida selectiva da fracción orgánica (FORS), na zona urbana, mediante a instalación de un contedor específico (contedor marrón), para cada establecemento adherido a experiencia piloto.

A recollida separada da FORS, debería ter un baixo nivel de materiais non solicitados (menos dun 5% e preferiblemente inferior a un 1-2% de impropios, expresados en peso). Así, se o nivel de impropios é suficientemente baixo (elevado grao de pureza da FO), asegúrase a obtención dun compost de alta calidade. Cando o nivel de impropios da FORS traspasa (5%) ou mesmo supera amplamente (10-20%) estes valores de referencia non só se deteriora a calidade da FORS por transferencia de contaminantes, perceptibles (vidros, plásticos, etc.) ou non (metais pesados), senón que xorden dificultades adicionais para o seu tratamento, que finalmente se traducen inevitablemente nunha deterioración da calidade do compost.

O obxectivo sería a recollida selectiva da FORS no ano 2023, sempre que exista algunha planta de compostaxe na contorna, ou poida transferirse a fracción orgánica a unhas instalacións centralizadas.

Desta maneira lograríase un acercamento aos obxectivos establecidos de reciclado para o ano 2023, fixados pola normativa.

3.- DEFINICIÓN DOS SERVIZOS.

3.1.- INTRODUCCIÓN.

Un problema ambiental relevante no ámbito local, son os residuos domésticos.

Os residuos que se xeran están compostos por materias primas en diferente grado de transformación, que foron transportadas dende lugares cada vez máis afastados, extraídas a profundidades cada vez maiores no caso dos minerais e obtidas en condicións cada vez máis antinaturais, co progresivo aumento do seu custo económico e enerxético e a crecente perda de fertilidade das terras.

Ao non ser devoltos ao seu lugar de orixe nin recuperados para posteriores utilizacións, e ser xerados cada vez en maiores cantidades, estableceuse un modelo económico de duración limitada, asociado ao esgotamento máis ou menos próximo dos recursos, xa sexan minerais, enerxéticos ou produtivos - terra agrícola, forestal e masas de auga.

Debido a crecente xeración de residuos, cada vez máis abundantes en cantidade e perigosos pola súa composición, é practicamente imposible a súa recollida e tratamento, xa sexa para diminuír a súa perigosidade, reciclalos ou almacenalos sen riscos, dado que uns residuos xéranse de forma sólida, pastosa ou líquida, pero outros emítense á atmosfera en forma de finísimas partículas sólidas en suspensión ou ben en estado gasoso.

Cada vez xéranse mais residuos de composición fisicoquímica allea aos materiais existentes na natureza, e a súa perigosidade, coñecida outras, engádese a súa non biodegradabilidade e comportamento descoñecido no futuro así como a duración da súa perigosidade, moi por enriba quizais da nosa propia civilización, no caso dalgúns residuos radioactivos.

Como consecuencia do anterior, o vertido sobre o entorno das enormes cantidades de residuos produce danos irreparables nos ecosistemas a gran escala: contaminación de terras, auga e aire, envelenamento de animais, vexetais, etc, e repercute na saúde humana no último extremo.

Poderíamos definir o residuo en calquera das súas formas de presentación e composición, como un produto que oscila entre a súa perigosidade contaminadora e a súa natureza de materia prima máis ou menos transformada, valor económico, estratéxico, ecolóxico, etc.

A crecente acumulación de residuos, únese a tamén crecente perigosidade dunha boa parte deles: uns cen mil compostos químicos de síntese está alterando o ambiente na UE, cuxas consecuencias apenas se coñecen. Desta forma, ao problema do despilfarro de recursos, engádese o de alteración grave e a veces irreversible dos ecosistemas.

Os residuos, como recursos naturais transformados que abandonamos, convértense así nun indicador fundamental da baixa eficiencia industrial e no teito ecolóxico máis nítido da nosa civilización tecnolóxica.

A nova cultura ecolóxica dos recursos debe considerar como residuo todo elemento material ou enerxético que, por non coñecer ou valorar a súa utilidade ou sistema de recuperación adecuada para elo, abandonamos o medio. Residuos non son polo tanto os materiais - en calquera dos seus estados- e a enerxía: calor, ruído, vibracións, radiacións...

A clave actual, quizais da esaxerada xeración de residuos sitúase precisamente na nosa incapacidade para "coñecer ou valorar a súa utilidade ou sistema de recuperación". Desenvolver esa capacidade esixe o coñecemento profundo do valor dos recursos naturais na súa concepción máis ampla posible: non solo como recursos escasos no mercado (esgotamento ou dificultade de extracción), senón como elementos que forman parte dos ecosistemas, coas dimensións paisaxísticas, económicas, sociais e doutras índoles que isto leva consigo.

Esta nova cultura dos recursos e dos residuos debería ter sempre presente ao coñecemento profundo do modo de produción da biosfera, baseado no reciclaxe continuo dos residuos, que nos ofrece a ecoloxía, como método para rebaxar a soberbia tecnolóxica e a fe na resolución futura dos actuais problemas de contaminación por parte da ciencia.

Fronte as taxas de tratamento de Holanda, Alemaña ou Austria, que poden chegar a superar os 200 €/T no caso do vertedoiro, e incluso prohibicións absolutas de verter lixo bruto (todo mesturado), caso holandés, dende 1994, en España o custo medio de tratamento está en torno os 30 €/T vertedoiro e incineración 60-80 €/T. Tan so un 25 % dos RSU son tratados en plantas de recuperación de materiais e compostaxe existentes.

En cumprimento do establecido no artigo 285 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), contéñense no correspondente prego os aspectos técnicos que rexerán a explotación, do servizo de xestión dos residuos de competencia municipal, que constitúen, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o regulamento do servizo, ás disposicións especiais que o regularán.

O contrato a que se refire o presente anteproxecto ten carácter administrativo e a natureza de contrato de concesión de servizo, suxeito a regularización harmonizada, xa que se cumpre o establecido no art. 15 e no art. 284 da LCSP.

O contrato de referencia ten carácter de concesión de servizo público, xa que, en primeiro lugar, se encomenda a un particular a xestión do servizo, e este asume a súa organización, en segundo lugar o servizo é susceptible de explotación empresarial, e por último, o concesionario asume o risco da explotación.

Está suxeito a regularización harmonizada de acordo co indicado nos arts. 19 e 20 da LCSP, e na orden HAC/1272/2019 de 16 de decembro sobre novos umbrales vixentes a partir do 1 de xaneiro de 2020 (5.350.000,00 € para concesión de servizos).

A xestión indirecta deste servizo non afecta á súa natureza pública, conservando o Concello a titularidade do servizo e tódalas facultades que en consecuencia lle son propias, e moi especialmente os labores de control para asegurar a calidade do servizo público.

3.2.- MEDIOS ADSCRITOS AOS SERVIZOS.

Os medios adscritos aos servizos son todas aqueles existentes aos que se fai referencia no Anexo nº 2 do P.P.T., así como todos os que se incorporen durante a concesión.

Os medios actuais inclúen:

- Contedores.
- Vehículos e maquinaria.
- Outros medios materiais.

3.3.- ACTIVIDADES QUE COMPREDEN A XESTIÓN DOS SERVIZOS.

As actividades comprendidas na xestión dos servizos a cargo do concesionario serán, entre outras, as seguintes:

- ❖ Prerrecolida de residuos.
 - Adquisición, implantación, mantemento de colectores, e vehículos de lavado. No Anexo nº 4 do P.P.T. se establece a dotación mínima de contedores e composteiros.
 - Reposición, lavado e desinfección de contedores. No Anexo nº 3 do P.P.T. fíxanse as frecuencias mínimas.
- ❖ Recollida e transporte de residuos.

O modelo de recollida que se propón contempla dúas etapas:

- 1ª etapa, antes da modificación prevista nos pregos:
 - Fracción resto
 - Envases lixeiros
 - Papel-cartón
 - Vidro
- 2ª etapa, funcionamento da planta de compostaxe, con posibilidade de uso:

- Fracción orgánica
- Fracción resto
- Envases lixeiros
- Papel-cartón
- Vidro

Os modelos propostos poderán ser reformulados polos licitadores, sempre que sexan compatibles cos obxectivos de índice de reciclaxe global e por fraccións que neste mesmo apartado se establecen.

- Adquisición e mantemento de vehículos recolectores.
 - Adquisición de composteiros individuais e colectivos, xestión e control do manexo
- ❖ Tratamento de residuos.
- Fracción resto: valorización enerxética Sogama
 - FORS : Planta de compostaxe.
 - Xestión dos residuos perigosos dos fogares
- ❖ Servizos comúns.
- Control.
 - Administración.
 - Taller.
 - Instalacións fixas.
 - Información e motivación cidadá
 - Inspección e vixilancia

O concesionario, no prazo máximo de 6 meses, en base a súa propia oferta, pregos e demais documentos contractuais, presentará ante os servizos técnicos municipais unha Memoria - resumo e Planos, detallando a situación real dos composteiros, contedores, rutas, medios materiais e humanos, etc., en relación a todos e cada un dos servizos a prestar: prerecollida, recollida, transporte, tratamento, servizos comúns, etc. Durante a execución do contrato aportará de forma periódica a información que se reflexa no anexo nº 6 do P.P.T.

En todo caso, a prestación do servizo ha de alcanzar uns valores mínimos do ICEG (Índice de calidade e eficiencia global), en todo momento (anexo nº 7 do P.P.T.), e alcanzar os obxectivos europeos:

Ano 2020	<i>Índice global de reciclaxe a acadar</i>	50%
----------	--------------------------------------------	------------

Biorresiduos	50%
Metais	60%
Plásticos	55%
Papel – cartón	70%
Vidro	60%

Ano 2025	<i>Índice global de reciclaxe a acadar</i>	55%
----------	--------------------------------------------	------------

Ano 2030	<i>Índice global de reciclaxe a acadar</i>	60%
----------	--------------------------------------------	------------

Ano 2035	<i>Índice global de reciclaxe a acadar</i>	65%
----------	--------------------------------------------	------------

A situación actual en Meis e, aproximadamente, a seguinte:

	Ano 2019	Obxectivo europeo 2020
Índice global	10,6 %	50%
Biorresiduos	10% (*)	50%
Metais	21%	60%
Plásticos	21%	55%
Papel – cartón	11%	70%
Vidro	82,5%	60%

(*) Estimacións en base a implantación de 50 composteiros individuais e un C.C.C. de 6 módulos.

4.- INVERSIÓN ESTIMADAS.

4.1.- RECOLLIDA DE RESIDUOS.

UDS	CONCEPTO
	<i>VEHICULOS MAQUINARIA E MOBILIARIO URBANO</i>
1,00	Recol.-comp. Carga traseira 14-16 m3
1,00	Recol.-comp. Carga traseira 8-10 m3
1,00	Camión caixa aberta, grua e volquete
0,30	Vehículo lavacontedores
350,00	Contedor de fracción resto, e envases lixeiros de 800-1000 lts.
25,00	Igloo de 3 m3, para papel-cartón
25,00	Igloo de 3 m3, para vidro
50,00	Contedor de 30 lts para pilas (inc reposicions)
100,00	Contedor de 10 lts. para pilas (inc reposicions)
	<i>OUTRAS INVERSIONS</i>
50,00	Sinalización, fixación contedores:estructura tubular
200,00	Fixación contedores: plataforma prefabricada

4.2.- SERVICIOS COMÚNS.

UDS	CONCEPTO
	<i>VEHICULOS E MAQUINARIA</i>
1,00	Furgón de distribución personal e outros usos
	<i>OUTRAS INVERSIONS</i>
1,00	Adaptacion Nave-Taller dos servicios
1,00	Adaptación Oficina de atención cidadana
1,00	Mobiliario oficina, e vestuarios
1,00	Equipamento, ferramentas taller

4.3.- INVERSIÓNS TOTAIS INICIAIS.

Tomando como base o apartado 2 do apéndice 1, as inversións propostas resultarían:

RECOLLIDA C.	620.250
SERVIZOS COMUNS	42.100

5.- CUSTOS DE EXPLOTACIÓN.

5.1.- CUSTOS DA MAN DE OBRA.

5.1.1.- Man de obra na recollida de fracción resto.

CUSTOS DE MAN DE OBRA FRACCIÓN RESTO	35.158,38 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA FRACCIÓN ENVASES LIXEIROS	8.408,67 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA VIDRO	4.273,39 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA PAPEL-CARTÓN	5.524,53 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA ENSERES	6.799,71 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA LAVADO E DESINFECCIÓN	9.065,35 €
CUSTOS DE MAN DE OBRA MANTEMENTO DE CONTEDORES	2.217,94 €
TOTAL	71.447,96 €/ano

5.1.2.- Man de obra tratamento: xestión e control de composteiros.

TRATAMENTO	7.126,73
TOTAL	7.126,73

5.1.3.- Man de obra servizos comúns

SERVIZOS COMÚNS	4.104,85
TOTAL	4.104,85

5.2.- CUSTOS DE MANTEMENTO E CONSUMOS.

5.2.1.- Recollida de residuos.

- Mantemento, consumos vehículos, maquinaria e outros....**45.529,87 €**

5.2.2.- Tratamento de residuos.

- Mantemento, consumos vehículos, maquinaria e outros....**81.546,50 €**

5.2.3.- Servizos común.

- Mantemento, consumos vehículos, maquinaria e outros....**7.885,98 €**

5.3.- OUTROS CUSTOS.

5.3.1.- Outros custes da recollida.

- Seguros**5.300,00 €**
- Vestiario:.....**569,70 €**

5.3.2.- Outros custes servizos común.

- Custe seguros**6.700,00 €**
- Vestiario.....**569,70 €**
- Motivación social.....**2.500,00 €**
- Control externo.....**5.300,00 €**

5.4.- RESUMO CUSTOS EXPLOTACIÓN.

RECOLLIDA	TRATAMENTO	SERVIZOS COMÚNS	TOTAL ANUAL
145.942,87	56.424,59	46.403,91	248.771,37

[incluídos 8% (gastos xerais, Benef. industrial) e 10% IVE]

6.- CUSTOS DE AMORTIZACIÓN.

	INVERSIÓNS A 10 ANOS	TOTAL INVERSIÓNS
RECOLLIDA	669.870,00	669.870,00
TRATAMENTO	57.240,00	57.240,00
SERVIZOS COMUNS	45.468,00	45.468,00
TOTAIS	772.578,00	772.578,00

	Amortiz. A 10 anos(financiación 5%)	TOTAL CANON AMORTIZ.
RECOLLIDA	86.751,25	86.751,25
TRATAMENTO	7.412,84	7.412,84
SERVIZOS COMUNS	5.888,32	5.888,32
TOTAIS	100.052,40	100.052,40

7.- RESUMO ANUAL DE CUSTOS TOTAIS.

7.1.- CUSTOS DE AMORTIZACIÓN DE INVERSIÓN.

CUSTO AMORTIZACION DAS INVERSIONS		
RECOLLIDA	TRATAMENTO	SERVIZOS COMUNS
86.751,25	7.412,84	5.888,32

7.2.- CUSTOS DE EXPLOTACIÓN.

RECOLLIDA EN CONTEDORES	TRATAMENTO	SERVIZOS COMÚNS	TOTAL ANUAL
145.942,87	56.424,59	46.403,91	248.771,37

7.3.- VALOR ANUAL ESTIMADO DO CONTRATO (INCLUIDO IVE).

AMORTIZACIÓN INVERSIONS	EXPLOTACIÓN	TOTAL ANUAL
100.052,41	248.7714,37	348.823,78

8. CUSTE DE IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SELECTIVA DA FRACCIÓN ORGÁNICA (MODIFICACIÓN PREVISTA NOS PREGOS).

8.1.- CUSTES DE EXPLOTACIÓN.

8.1.1.- Custo de persoal (sen incluír o b.i.+g.x. do 8%)

- TOTAL CUSTOS MAN DE OBRA.....**9.876,53 €/ano**

8.1.2.- Mantemento e consumos.

- TOTAL MANTEMENTO E CONSUMOS.....**4.552,99 €/ano**

8.1.3.- Outros custes.

- TOTAL OUTROS CUSTES.....**413,94 €/ano**

8.1.4.- Resumo custes de explotación.

MODIFICACION CONTRATO:RESUMO DO PRESUPOSTO DE EXPLOTACIÓN RECOLLIDA FRACCIÓN ORGÁNICA					
TOTAL PRESUPOSTO	5% GASTOS XERAIS	3% BENEFICIO INDUSTRIAL	TOTAL PRESUPOSTO ANUAL ANTES DE IMPOSTOS	10% IVE	TOTAL PRESUPOSTO ANUAL
14.843,46	742,17	445,30	16.030,93	1.603,09	17.634,03

8.2.- CUSTE DE AMORTIZACIÓN DOS INVESTIMENTOS.

As inversións adicionais previstas son:

MODIFICACIÓN CONTRATO: RECOLLIDA FRACCIÓN ORGÁNICA				
UDS	CONCEPTO	PREZO UNITARIO	PREZO TOTAL	ANOS AMOR.
	<i>VEHÍCULOS, MAQUINARIA E MOBILIARIO URBANO</i>			
40	Contedor fracción orgánica de 800 lts.	250,00	10.000	10
		TOTAL	10.000,00	

INVERSION A 10 ANOS	
	10.000,00
5% GASTOS XERAIS	
	500,00
3% BENEFICIO INDUSTRIAL	
	300,00
TOTAL INVERSION A 8 ANOS	
	10.800,00

TOTAL PRESUPOSTO INVERSIONS	
	10.800,00

8.3.- PRESUPOSTO ANUAL MÁXIMO, MODIFICACIÓN PREVISTA NOS PREGOS.

AMORTIZACIÓN	EXPLOTACIÓN	TOTAL ANUAL
1.398,65	17.634,03	19.032,67

9.- REVISIÓN DO PREZO UNITARIO.

FÓRMULA DE REVISIÓN DE LA TARIFA:

$$T_{n+1} = T_n * K_{n+1}$$

$$0,99 \leq K_{n+1} \leq 1,025$$

10.- VIABILIDAD DE LA CONCESIÓN.

No apéndice 1, aparece o estudio de viabilidade.

A esencia da concesión dun servizo público radica en depositar sobre o concesionario a aleatoriedade da explotación, a cal se fai ao seu risco e ventura. Se a xestión é deficitaria, as consecuencias negativas recaerían exclusivamente sobre o concesionario, mentres que se é exitosa, as consecuencias positivas redundarían igualmente sobre el. Esta posibilidade de lucro industrial é a que fai posible recorrer ao mercado para a realización de actividades, o que presupón, evidentemente, que estas actividades sexan de tal natureza que permitan, polo menos potencialmente, un beneficio do empresario como froito da súa xestión. De aí, en suma, que se trate de actividades ou servizos industriais ou comerciais.

No marco definido polo escenario descrito para o obxecto de estudio, e partindo do cumprimento das hipóteses fundamentais que foron adoptadas, a análise de viabilidade permitiunos alcanzar unha serie de conclusións, que quedan soportadas polas magnitudes expresadas na táboa que segue:

MAGNITUDES	VALOR
TIR	8,93%
PIR	10 anos
VAN	204.034,55 €

TIR: Taxa Interna de Rendibilidade

VAN: Valor actualizado neto (para diferentes

rendibilidades) PIR: Prazo interno de recuperación

Baseándose nestes datos, o estudio de viabilidade ten por conclusións as seguintes:

1º). Partindo da inversión inicialmente prevista, o concesionario disporá da capacidade financeira necesaria para acometer con garantías o proxecto de investimento, toda vez que os recursos que xeraría o mesmo, en contía e tempo, ademais de lograr unha retribución razoable, permite recuperar a

inversión no período de tempo de duración da concesión tendo en conta as peculiaridades deste sector de actividade.

2º). Os recursos xerados polo prezo unitario ofertado e os “extracustos”, resultarían suficientes para garantir, razoablemente, a continuidade no tempo a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento, cuns niveis de calidade moi aceptables.

3º). Resultaría factible sufragar os custos de explotación e ademais recuperar a inversión realizada nun prazo de tempo coincidente coa duración do período concesional.

4º). En comparación coa información agregada correspondente ás empresas que operan no sector, a rendibilidade esperada e o prazo previsto de recuperación da inversión, poden catalogarse de similares aos obtidos, en termo medio, por estas.

En todo caso, o concesionario deberá achegar na súa oferta un estudio económico- financeiro da concesión, particularizado para o seu caso concreto e que ha de considerar, os custos derivados dos medios materiais e persoais e os labores de explotación, para a realización do servizo.

Co obxecto de analizar a viabilidade económico- financeira da concesión, consideráronse no ano base e nos 10 anos previstos de concesión, os seguintes conceptos:

- Custos de explotación en cada anualidade.
- Custos xerais do concesionario
- Custos financeiros e amortizacións
- Ingresos derivados do “pago variable”
- Ingresos por recollida selectiva.

Para a estimación da evolución dos custos de explotación considerouse un incremento medio anual do 1%, que poderá reformular e xustificar cada licitador.

Tal e como se mostra no Apéndice 1, faise unha previsión de ingresos por “pago variable”, decrecente en coherencia coa exixencia da normativa,

sobre redución de residuos, que poderá ser modificado polo concesionario na súa oferta, o mesmo que o incremento do 8% para outros ingresos: extracustos, SIXs, etc.

II.- APÉNDICES

APÉNDICE 1.- ESTUDO DE VIABILIDADE.

INDICE

1. FINALIDADE E XISTIFICACIÓN DA CONCESIÓN.

- 1.1.- Descrición do Proxecto.
- 1.2.- Metodoloxía de Análise.

2. HIPÓTESE SOBRE MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS.

- 2.1.-Recollida de RSU.
- 2.2.- Tratamento dos residuos.
- 2.3.- Servizos común.

3. CUSTOS DE EXPLOTACIÓN.

- 3.1.- Custos unitarios.
 - 3.1.1.- Persoal.
 - 3.1.2.- Mantemento e consumos.
 - 3.1.3.- Seguros.
 - 3.1.4.- Alugueres, subministrados, control execución contrato e outros.

- 3.2.- Medios materiais e persoais.
 - 3.2.1.- Recollida.
 - 3.2.2.- Tratamento de residuos.
 - 3.2.3.- Servizos común.

- 3.3.- Custos de explotación por servizo.
 - 3.3.1.- Recollida.
 - 3.3.2.- Tratamento de residuos.
 - 3.3.3.- Servizos común.

4. CUSTOS DE AMORTIZACIÓN DOS INVESTIMENTOS.

- 4.1.- Prezos unitarios inversión.
- 4.2.- Períodos de amortización.
 - 4.2.1.- Recollida.
 - 4.2.2.- Tratamento de residuos.
 - 4.2.3.- Servizos común



- 4.3.- Resumo do orzamento.
- 4.4.- Cálculo custe amortización.

5. CUSTO TOTAL DOS SERVIZOS E PREVISIÓN DE INGRESOS.

- 5.1.- Custo total.
- 5.2.- Previsión de ingresos.
 - 5.2.1.- Pago variable.
 - 5.2.2.- Previsión de ingresos extracustes e venda de subprodutos.

6. CUSTE DE IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SELECTIVA DA FRACCIÓN ORGÁNICA (MODIFICACIÓN PREVISTA NOS PREGOS).

- 6.1.- Custes de explotación.
 - 6.1.1.- Custo de persoal
 - 6.1.2.- Mantemento e consumos.
 - 6.1.3.- Outros custes.
 - 6.1.4.- Resumo custes de explotación.
- 6.2.- Custe de amortización dos investimentos.
- 6.3.- Presuposto anual modificación prevista nos pregos.

7. CADRO RESUMO.

- 7.1.- Hipótese do estudo.
- 7.2.- Cadro resumo da viabilidade da explotación.

8. ANÁLISE DE SENSIBILIDADE.

- 8.1.- Desviación nos custos de explotación.

9. VIABILIDADE DA CONCESIÓN.

1.- FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN DA CONCESIÓN.

1.1.- DESCRICIÓN DO PROXECTO.

Analízase a posibilidade de outorgar unha concesión para a xestión dos residuos de competencia municipal.

Con carácter previo a determinar a viabilidade e rendibilidade da futura concesión, formulouse a necesidade de realizar unha proxección financeira dos fluxos de explotación que se xerarán pola xestión dos residuos domiciliarios. A proxección dos fluxos de ingresos e custos de explotación configúrase como un requisito previo á definición da concesión, e serve o Concello para definir as condicións e bases económicas que haberán de rexer a concesión.

Os datos aquí utilizados son estimacións, que considéranse como medias do período da concesión. Para os licitadores son meramente orientativos, e estes presentarán as súas propias previsións realizando o seu estudo, segundo os seus propios coñecementos e experiencia de este tipo de servizos.

1.2.- METODOLOXÍA DE ANÁLISE.

Unha vez elaborado o modelo que posibilita facer proxeccións financeiras dos fluxos de explotación que se xerarán pola xestión integral dos residuos, baseadas nas estimacións de custos, ingresos e investimentos, realízase a continuación unha análise para avaliar as condicións que se haberán de definir para a nova concesión a outorgar (custe unitario, prazo concesión, etc.).

Para a definición das condicións e características da contratación, realizáronse previamente os seguintes pasos:

- **Proxección dos estados financeiros.** Nestas proxeccións os principais aspectos que se determinan son os seguintes:
 - A evolución dos ingresos e dos custos de explotación.
 - Os investimentos a realizar.

- **Cálculo dos fluxos de caixa xerados en cada período:** o fluxo de caixa é a medida adecuada do valor xerado por un proxecto xa que, a diferenza do que sucede co beneficio, ten en conta os investimentos a realizar e, ademais, non está influído pola política de amortización seguida, debido a que a amortización non supón unha saída real de tesouraría.
 - **Fluxos de caixa**, que mide a corrente de tesouraría xerada polas operacións da empresa sen ter en conta a súa estrutura de endebedamento. Por conseguinte, avalía os recursos xerados con independencia de como se financiaran os investimentos necesarios.

- Aplicación aos fluxos de caixa das **ferramentas de análise de investimentos**, neste caso a TIR (Taxa Interna de Retorno), que mide a rendibilidade xerada pola inversión, distinguíndose dous tipos de rendibilidades que se corresponden cos dous fluxos de caixa presentados anteriormente.
 - **TIR proxecto:** obtida a partir dos Fluxos de Caixa, mide a rendibilidade que xera o proxecto.

- **VAN (Valor Actual Neto):** O Valor Actual Neto é o resultado de descontar, unha taxa de desconto axeitada, os fluxos de caixa obtidos para cada unha das alternativas de inversión. Proporciona o valor económico xerado polo proxecto. A metodoloxía de análise de investimentos a partir de o VAN determina que os proxectos con VAN positivo xeran valor, polo que deberían ser aceptados. A TIR e o VAN son dúas medidas complementarias.

A partir destes elementos, que servirán como base para as potenciais tarifas de prezos en cada escenario, realizarase a continuación unha análise co grao de detalle abondo para avaliar a sensibilidade do proxecto en diferentes escenarios. A devandita análise proporcionará:

- **Análise de sensibilidade:** a partir de hipótese de ingresos, investimentos e custos de mantemento, permitirá simulacións financeiras que proporcionen a estrutura e o perfil do financiamento necesario.
- **Flexibilidade:** as diferentes opcións de financiamento quedarán incorporadas de maneira que poidan compararse os seus resultados en distintos escenarios.
- **Xestión de riscos:** incertezas en canto a volume de servizos a prestar, presuposto de inversión e xestión, e o grao de variabilidade que pode asumirse.

2. HIPÓTESE SOBRE MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS.

Neste apartado achéganse uns cadros co resumo de medios humanos e materiais a adscribir aos diferentes Servizos a prestar, para un ano medio do período 2021 - 2031, como hipótese de partida do estudo, que non teñen carácter vinculante para os licitadores.

- RECOLLIDA DE RESIDUOS.
- TRATAMENTO
- SERVIZOS COMÚNS.

No presente documento, sintetízase unha posible forma de prestación dos servizos, que en todo caso, é meramente orientativo, podendo os licitadores formular as variacións que consideren necesarias, para unha mellor calidade e eficiencia. O risco de explotación do concesionario, inherente a un contrato de concesión de servizo público, conleva sobre os licitadores a responsabilidade sobre os aspectos técnicos, financeiros e de xestión. En consecuencia, nas súas ofertas poden formular uns medios e unha metodoloxía diferente, sempre que aseguren os resultados e niveis prestacionais reflectidos nos pregos e regulamento.

2.1.- RECOLLIDA DE R.S.U.

No estudo contéplase o sistema de recollida traseira para a fracción resto, envases e orgánica, unha vez implantada. Con grúa para recollida iglús vidro e papel – cartón.

Na zona urbana e periurbana recóllese a fracción resto 4 días a semana, e na zonz rural 2 veces por semana. Ámbalas dúas zonas reflíctense no plano nº 1, do P.P.T.

A recollida de vidro, papel - cartón e envases lixeiros terán unhas periodicidades variables, tal e como se establece no P.P.T., en función do fluxo e da tipoloxía da zona: urbana ou rural.

A recollida nas zonas urbanas de difícil acceso farase mediante o sistema de vehículo satélite que recollerá o contedor da zona de difícil acceso, para situalo onde estea o circuíto máis próximo, para unha vez baleirado volver a colocalo na situación inicial.

A periodicidade de lavado e desinfección de contedores, ten como obxectivo lograr as frecuencias mínimas establecidas no P.P.T. (anexo 3).

A recollida de enseres levarase a cabo coa frecuencia mínima tal que o tempo de espera dos usuarios non será superior a unha semana.

RESUMO PERSOAL RECOLLIDA		
POSTO	XORNADAS/ANO	POSTOS DE TRABALLO
CONDUTOR	496,10	1,84
PEÓN	252,60	0,94

RESUMO DOS EQUIPOS

RECOLLIDA DE RESIDUOS EN CONTEADOR	
SERVIZO	SUMA
FRACCION RESTO	
Recol.-comp. Carga traseira 14-16 m3	1
Recol.-comp. Carga traseira 8-10 m3	1
Camión caixa aberta, grua e volquete	1
Vehículo lavacontedores	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	404,00
FRACCION ENVASES LIXEIROS	
Recol.-comp. Carga traseira 14-16 m3	1
Recol.-comp. Carga traseira 8-10 m3	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	101,5
FRACCION VIDRO	
Camión caixa aberta, grua e volquete	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	50,6
FRACCION PAPEL - CARTON	
Camión caixa aberta, grua e volquete	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	66,00
FRACCION ENSERES	
Camión caixa aberta, grua e volquete	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	50,8
LAVADO EN DESINFECCIÓN DE CONTEDORES	
Vehículo lavacontedores	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	101,2
IMPLANTACION DE CONTEDORES	
Contedor de fracción resto, e envases lixeiros de 800-1000 lts.	350,00
Igloo de 3 m3, para papel-cartón	25
Igloo de 3 m3, para vidro	25
Contedor de 30 lts para pilas (inc reposicions)	50
Contedor de 10 lts. para pilas (inc reposicions)	100
ACONDICIONAMENTO DE CONTEDORES	
Sinalización, fixación contedores:estructura tubular	50
Fixación contedores: plataforma prefabricada	200
MANTENEMENTO DE CONTEDORES	
Furgón de distribución personal e outros usos	1



CONCELLO
DE
MEIS

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE:
XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL,
ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS – MEMORIA.

APÉNDICE 1: ESTUDO DE VIABILIDADE.

XORNADAS DE TRABALLO O ANO	25,3
-----------------------------------	-------------

2.2.- TRATAMENTO DE RESIDUOS.

No estudo contéplase o funcionamento de 2 novos centros de compostaxe comunitario (C.C.C.) xunto ao existente ou composteiros colectivos, e 800 individuais, que deben ser xestionados polo persoal do contratista.

Así mesmo, forma parte do tratamento o transporte dos residuos non destinados a reciclaxe (fracción resto) e a valorización enerxética nas instalacións de SOGAMA.

RESUMO PERSOAL RECOLLIDA		
POSTO	XORNADAS/ANO	POSTOS DE TRABALLO
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	71	0,26

RESUMO DOS EQUIPOS

SERVIZO DE TRATAMENTO	
SERVIZO	SUMA
Composteiros individuais	800
Centros de compostaxe comunitario	3
XORNADAS DE TRABALLO ANO	71

2.3.- SERVIZOS COMÚNS.

Fundamentalmente, o constitúen a estrutura de mandos intermedios, incluído capataz, taller, administración, inspección e información cidadá, sendo a inversión máis relevante o furgón de usos múltiples.

RESUMO PERSOAL RECOLLIDA		
POSTO	XORNADAS/ANO	POSTOS DE TRABALLO
CAPATAZ	60	0,22
ADMINISTRATIVO	50	0,19

RESUMO DOS EQUIPOS

SERVIZOS COMUNS	
SERVIZO	SUMA
Furgón de distribución personal e outros usos	1
Adaptacion Nave-Taller dos servizos	1
Adaptación Oficina de atención cidadana	1
Mobiliario oficina, e vestuarios	1
Equipamento, ferramentas taller	1
XORNADAS DE TRABALLO ANO	110,00

3.- CUSTOS DE EXPLOTACIÓN.

Os datos aquí utilizados son estimacións, que considéranse como media do período da concesión. Para os licitadores son meramente orientativos, e estes presentarán as súas propias previsións realizando o seu estudo, segundo os seus propios coñecementos e experiencia destes servizos.

Analízanse os custos durante o período concesional, baseándose nas hipóteses definidas.

A continuación detállanse os custos unitarios e posteriormente o custe de explotación por servizo.

3.1.- CUSTES UNITARIOS

3.1.1- Persoal.

Estimáronse uns custos medios anuais de persoal, incluíndo os salarios e demais dereitos laborais e condicións persoais, así como os custos de seguridade social a cargo da empresa. Ao non existir convenio sectorial que fixe os salarios, utilizáronse como referencia os convenios existentes na provincia, para novas prestacións (tratamento, composteiros, inspección etc) en servizos similares, e o do actual contratista.

Capataz

Salario base	27,00 €	365 días	9.855,00 €
Plus penosidade	0,00 €	270 días	0,00 €
Antigüedad (media)	6,75 €	365 días	2.463,75 €
Pagas extras V. e N.	1.012,50 €	2	2.025,00 €
Paga de beneficios	1.012,50 €	1	1.012,50 €
Bolsa de vacacions	- €	1	0,00 €

Base de cotización 15.356,25 €

Plus transporte	5,09 €	270 días	1.373,90 €
Plus distancia	2,25 €	270 días	608,18 €

Total retribución anual 17.338,33 €

Cargas Sociais	15.356,25 €	33,60%	5.159,70 €
----------------	-------------	--------	------------

TOTAL CUSTO ANUAL 22.498,03 €

TOTAL CUSTO UNITARIO POR XORNADA DE TRABAJO 83,33 €

Técnico medio ambiente

Salario base	26,50 €	365 días	9.672,50 €
Plus penosidade	13,09 €	270 días	3.535,20 €
Antigüedad (media)	6,63 €	365 días	2.418,13 €
Pagas extras V. e N.	993,75 €	2	1.987,50 €
Paga de beneficios	993,75 €	1	993,75 €
Bolsa de vacacions	15,57 €	1	15,57 €
			18.622,65 €
			Base de cotización
Plus transporte	5,09 €	270 días	1.373,90 €
Plus distancia	2,25 €	270 días	608,18 €
			20.604,73 €
			Total retribución anual
Cargas Sociais	18.622,65 €	30,90%	5.754,40 €
TOTAL CUSTO ANUAL			26.359,13 €

TOTAL CUSTO UNITARIO POR XORNADA DE TRABAJO			97,63 €
----------------------------------------------------	--	--	----------------

Administrativ@

Salario base	26,50 €	365 días	9.672,50 €
Antigüedad (media)	6,63 €	365 días	2.418,13 €
Pagas extras V. e N.	993,75 €	2	1.987,50 €
Paga de beneficios	993,75 €	1	993,75 €
Bolsa de vacacions	15,57 €	1	15,57 €
Base de cotización			15.087,45 €
Plus transporte	5,09 €	270 días	1.373,90 €
Plus distancia	2,25 €	270 días	608,18 €
Total retribución anual			17.069,53 €
Cargas Sociais	15.087,45 €	30,90%	4.662,02 €
TOTAL CUSTO ANUAL			21.731,55 €
TOTAL CUSTO UNITARIO POR XORNADA DE TRABAJO			80,49 €

Conduct@r			
Salario base	23,00 €	365 días	8.395,00 €
Plus penosidade	12,82 €	270 días	3.462,59 €
Antigüedad (media)	5,75 €	365 días	2.098,75 €
Pagas extras V. e N.	862,50 €	2	1.725,00 €
Paga de beneficios	862,50 €	1	862,50 €
Bolsa de vacacions	12,10 €	1	12,10 €
Base de cotización			16.555,94 €
Plus transporte	5,09 €	270 días	1.373,90 €
Plus distancia	2,25 €	270 días	608,18 €
Total retribución anual			18.538,02 €
Cargas Sociais	16.555,94 €	36,60%	6.059,47 €
TOTAL CUSTO ANUAL			24.597,50 €
TOTAL CUSTO UNITARIO POR XORNADA DE TRABAJO			91,10 €

Peón

Salario base	21,00 €	365 días	7.665,00 €
Plus penosidade	12,55 €	227 días	2.849,67 €
	5,25 €	365 días	
Antigüedad (media)			1.916,25 €
Pagas extras V. e N.	787,50 €	2	1.575,00 €
Paga de beneficios	787,50 €	1	787,50 €
Bolsa de vacacions	8,93 €	1	8,93 €
			14.802,35 €
Plus transporte	5,09 €	270 días	1.373,90 €
Plus distancia	2,25 €	270 días	608,18 €
			16.784,43 €
Cargas Sociais	14.802,35 €	34,80%	5.151,22 €
TOTAL CUSTO ANUAL DIURNO			21.935,65 €

TOTAL CUSTO UNITARIO POR XORNADA DE TRABALLO	81,24 €
-----------------------------------------------------	----------------

RESUMO DE PREZOS UNITARIOS DE MAN DE OBRA

	TOTAL CUSTO ANUAL	CUSTO UNITARIO XORNADA (€)
Capataz	22.498,03 €	83,33 €
Técnico medio ambiente	26.359,13 €	97,63 €
Administrativ@	21.731,55 €	80,49 €
Conduct@r	24.597,50 €	91,10 €
Peón	21.935,65 €	81,24 €

3.1.2.- Mantementos e consumo.

CONCEPTO	COMBUSTIBLES E LUBRICANTES	ENTRETEMENTO	TOTAL CUSTO XORNADA
Recol.-comp. Carga traseira 14-16 m3	32,52	26,47	58,99
Recol.-comp. Carga traseira 8-10 m3	24,04	27,99	52,03
Camión caixa aberta, grua e volquete	18,80	24,26	43,06
Vehículo lavacontedores	24,16	19,98	44,14
Contedor fraccion resto, envases lixeiros de 800-1000 lts.	-	0,06	0,06
Igloo de 3 m3, para papel-cartón	-	0,07	0,07
Igloo de 3 m3, para vidro	-	0,07	0,07
Contedor de 30 lts para pilas (inc reposicions)	-	0,02	0,02
Contedor de 10 lts. para pilas (inc reposicions)	-	0,01	0,01
Sinalización, fixación contedores:estructura tubular	-	0,01	0,01
Fixación contedores: plataforma prefabricada	-	0,01	0,01
Composteiros individuais	-	0,02	0,02
Centros de compostaxe comunitario	-	5,20	5,20
Furgón de distribución personal	11,25	2,25	13,50
Nave-Taller dos servizos	-	9,00	9,00
Oficina de atención cidadana	-	0,99	0,99
Mobiliario oficina, e vestuarios	-	0,50	0,50
Equipamento, ferramentas taller	-	0,37	0,37

CONCEPTO	CUSTO ANUAL	XORNADAS	CUSTO POR XORNADA
Vestuario de Capataz e tecnico	185,11	270,00	0,67
Vestuario de Conductor	198,33	270,00	0,72
Vestuario de peón	198,33	270,00	0,72

3.1.3.- Seguros.

CONCEPTO	€/UD. ANO
Recol.-comp. Carga traseira 14-16 m3	1.550,00
Recol.-comp. Carga traseira 8-10 m3	1.500,00
Camión caixa aberta, grua e volquete	850,00
Vehículo lavacontedores	1.400,00
Furgón de distribución personal e outros usos	650,00
Nave-Taller dos servizos	2.000,00
Oficina de atención cidadana	550,00
Seguro R.C.	3.500,00

3.1.4.- Alugueres, suministros, control execución contrato e outros.

Dada a poboación a atender, vehículos e maquinaria necesaria, persoal, etc. estimanse as seguintes necesidades:

- Unha nave-taller (superficie baixo cuberta de 800 m2).
- Oficina de atención cidadán situada na zona central da cidade (superficie mínima: 25 m2). Aínda que as obras de adecuación están contempladas no custe da inversión, existen gastos que se han de incluír:

CONCEPTO	UD/ANO
Teléfono	1.200
Electricidade, auga, etc.	1.800

MATERIALES MOTIVACION SOCIAL E CONTROL EXECUCIÓN DOS SERVIZOS.

Inclúense aquí os recursos que como máximo débense destinar anualmente á posible asistencia para control dos servizos así como os suministros exteriores, prensa etc, para información e motivación social, xa se contabilizou o persoal no capítulo correspondente.



Motivación social..... 2.500 €/ano

Asistencia control execución do servizo.....5.300 €/ano

3.2.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.

Neste apartado 2, achéganse uns cadros co resumo de medios humanos e materiais que se propoñen aos diferentes Servizos a prestar:

- SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS
- SERVIZO DE TRATAMENTO.
- SERVIZOS COMÚNS.

No Anexo nº 2 e no apartado 7.- planos, sintetízase a forma de prestación actual dos servizos, nos sucesivos epígrafes coméntanse as modificacións introducidas no estudo, que en todo caso, é meramente orientativo, podendo os licitadores plantexar as variacións que consideren necesarias para unha mellor prestación.

3.2.1.- Recollida.

No estudo contéplase a utilización do sistema de recollida traseira. Defínense 2 equipos. Un deles con recolector máis reducido para zonas estreitas e zonas de difícil acceso.

O servizo préstase en horario diurno.

No relativo ás recollidas selectivas, empregaránse os mesmos equipos de traseira para os envases lixeiros (variando a identificación exterior), e o sistema grúa para vidro e papel – cartón.

Implantanse recollidas “porta a porta” de vidro e papel-cartón, para grandes produtores.

O lavado e desinfección de contedores, ten como obxectivo lograr unha frecuencia quincenal no verán e mensual no inverno.

As frecuencias de recollida serán como mínimo as seguintes:

- Fracción resto: 4 veces/semana na zona urbana (ver plano nº1) e 2 veces/semana no resto. Cando se implante a recollida selectiva de FORSU, terá a mesma frecuencia que a fracción resto.
- Envases: 1 veces/semana na zona urbana e 0,5 vez/semana no resto
- Papel – cartón: “porta a porta” 3 veces/semana, “iglús” 2 veces/semana na zona urbana e 0,5 vez/semana no resto.
- Vidro: “porta a porta” 3 veces/semana, 0,5 vez/semana zona urbana e 1 vez cada 2 semanas no resto.

3.2.2.- Tratamento.

Nos ámbitos rurais ou periurbanos, onde se implanten composteiros individuais, existirán dous tipos de actuacións ordinarias: respostas a consultas sinxelas, subministro de estruturante, etc, encomendadas aos operarios de recollida de residuos nos espazos públicos, e as máis específicas, asumidas polo técnico de medio ambiente.

Os programas de motivación social e información cidadá son un “instrumento inmaterial”, de importancia transcendental en tódolos servizos, e de maneira especial na recollida selectiva de residuos e funcionamento dos composteiros, onde unha parte substancial dos residuos xerados son “evitables”, ou autoxestionados “in situ”.

Inclúese o transporte e tratamento dos residuos non reciclables na planta de SOGAMA.

3.2.3.- Servizos comúns.

Fundamentalmente os constitúen a estrutura directiva, mandos intermedios, servizos de información, etc. sendo a inversión máis relevante a do furgón de usos múltiples.

Na imputación de custes ha de considerarse a proporcionalidade co volume das inversións específicas de cada servizo e personal.

3.3.- CUSTES DE EXPLOTACIÓN POR SERVIZO.

3.3.1.- Recollida.

CUSTOS DE MAN DE OBRA RECOLLIDA FRACCIÓN RESTO				
UDS.	CONCEPTO	XORN/ANO	PREZO XORNADA	TOTAL CUSTO ANUAL
	Posto de traballo			
1	Conduct@r	200	91,10 €	18.220,37
1	Peón	200	81,24 €	16.248,63
	Reserva por absentismo			
1	Conduct@r	2	91,10 €	182,20
1	Peón	2	81,24 €	162,49
TOTAL CUSTOS DE MAN DE OBRA				35.158,38

CUSTOS DE MAN DE OBRA RECOLLIDA ENVASES LIXEIROS				
UDS.	CONCEPTO	XORNADAS ANO	PREZO XORNADA	TOTAL CUSTO ANUAL
	Posto de traballo			
1	Conduct@r	100	81,24 €	8.124,32

	Reserva por absentismo			
1	Conductor (noite)	1,5	81,24 €	121,86
TOTAL CUSTOS DE MAN DE OBRA				8.408,67

CUSTOS DE MAN DE OBRA FRACCIÓN VIDRO (ILLAS E PORTA PORTA)				
UDS.	CONCEPTO	XORNADAS ANO	PREZO XORNADA	TOTAL CUSTO ANUAL
	Posto de traballo			
1	Conduct@r	50	81,24 €	4.062,16
	Reserva por absentismo			
1	Conductor	0,6	81,24 €	48,75
TOTAL CUSTOS DE MAN DE OBRA				4.273,39

CUSTOS DE MAN DE OBRA FRACCIÓN PAPEL-CARTON (ILLAS E PORTA PORTA)				
UDS.	CONCEPTO	XORNADAS ANO	PREZO XORNADA	TOTAL CUSTO ANUAL
	Posto de traballo			
1	Conduct@r	65	81,24 €	5.280,80
	Reserva por absentismo			
1	Conductor	1	81,24 €	81,24



CONCELLO
DE
MEIS

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE:
XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL,
ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS – MEMORIA.

APÉNDICE 1: ESTUDO DE VIABILIDADE.

TOTAL CUSTOS DE MAN DE OBRA	5.524,53
------------------------------------	-----------------

CUSTOS DE MAN DE OBRA RECOLLIDA E TRANSPORTE VOLUMINOSOS (ENSERES)				
UDS.	CONCEPTO	XORNADAS ANO	PREZO XORNADA	TOTAL CUSTO ANUAL
	Posto de traballo			
1	Conduct@r	25	91,10 €	2.277,55
1	Peón	25	81,24 €	2.031,08
	Reserva por absentismo			
1	Conduct@r	0,40	1.575,00 €	630,00
